

## Arteixo / Educación

### Campamento Concilia 2023

#### “O Camiño que me leva a Galicia”

#### Requisitos:

- Nenas e nenos escolarizados en 4º, 5º e 6º de infantil empadroados.
- Nenas e nenos escolarizados de 1º a 6º de Primaria empadroados.
- Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.
- No caso de que o número de solicitudes exceda o número de prazas ofertadas procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 6 de xuño ás 10 horas.

#### Normas xerais de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición presencialmente nas dependencias do departamento de educación ou a través de correo electrónico ([educacion@arteixo.org](mailto:educacion@arteixo.org)) do **15 de maio ao 5 de xuño** . **Deberán poñer no asunto Campamento Concilia 2023**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude.
- O campamento realizarase nas instalación do centro **AGARIMO**
- Unha vez que sexa confirmada a praza o pago do prezo público deberá ser aboado 10 días naturais antes do comezo de cada quenda.
- As prazas que non sexan aboadas serán dadas de baixa automaticamente.

#### Servizos ofertados

- **Madrugadores** (7:15 h a 10:00 h)
- **Almorzo** (inclúe madrugadores) (7:15 h a 10:00 h)
- **Servizo de comedor** (14:00 h a 16:00 h)
- **Ludoteca** (16:00 h a 17:30 h)
- **Transporte**. (gratuíto), para o servizo de campamento de 10:00 a 14:00h
- Requírese nº mínimo de participantes para a posta en funcionamento dos Servizos.

**Lugar de execución:** Centro Agarimo

**Datas de execución:**

<b>DATA</b>	<b>QUENDA</b>	<b>Nº de días</b>
22 ao 30 de xuño	1ª	7
3 a 14 xullo	2º	10
17 a 31 xullo	3ª	9
1 ao 14 agosto	4º	10
16 a 31 agosto	5ª	12
1 ao 8 setembro	6ª	6

**Prezo público:** segundo o estipulado na ordenanza reguladora, sendo os custos para cada quenda os seguintes:

<b><u>Quenda/ servizo</u></b>	<b>Madrugadores</b>	<b>Almorzo (inclúe madrugadores)</b>	<b>Campamento</b>	<b>Xantar</b>	<b>Ludoteca</b>
<b>1ª quenda</b>	10,50 €	17,50 €	28,00 €	28,00 €	10,50 €
<b>2ª Quenda</b>	15,00 €	25,00 €	40,00 €	40,00€	15,00 €
<b>3ª Quenda</b>	13,50€	22,50 €	36,00 €	36,00€	13,50 €
<b>4ª Quenda</b>	15,00€	25,00 €	40,00 €	40,00€	15,00 €
<b>5ª Quenda</b>	18,00€	30,00 €	48,00 €	48,00 €	18,00€
<b>6ª Quenda</b>	9,00€	15,00€	24,00€	24,00€	9,00€

## **TEMÁTICA**

### **O CAMIÑO QUE ME LEVA A GALICIA (6 QUENDAS)**

#### **1.1. A Galicia de antes (QUENDA 1ª)**

O obxectivo principal desta quincena será facer un pequeno percorrido pola forma de vivir dos nosos avós, avoas, bisavós e bisavoas.

#### **1.2. Florecendo en Galicia (QUENDA 2ª)**

O obxectivo principal desta quincena será dar a coñecer a fauna e flora autóctona da nosa comunidade autónoma, poñendo especial fincapé no seu coidado e conservación. Así, os obxectivos específicos son:

#### **1.3. Sabores de Galicia (QUENDA 3ª)**

O obxectivo principal desta quincena será dar a coñecer a gastronomía típica da nosa comunidade autónoma, así como os produtos autóctonos que se empregan para elaborar as receitas máis características de cada punto de Galicia.

#### **1.4. Artisticamente, Galicia (QUENDA 4ª)**

O obxectivo principal desta quincena será levar aos nenos e nenas polo percorrido das artes plásticas e artísticas que nos encontramos en Galicia, poñendo un principal fincapé nas mulleres

## 1.5. Galicia mariñeira (QUENDA 5ª)

O obxectivo principal desta quincena será dar a coñecer as costas que nos bañan, os seres vivos que habitan nelas e o seu coidado.

## 1.6. O camino (QUENDA 6ª)

O obxectivo principal desta quincena será reivindicar e amosar o patrimonio cultural galego, en concreto, o Camiño de Santiago, dende unha vertente lúdica.

-----  
As actividades do campamento realízanse en horario de 10:00 a 14:00h.

As actividades deste programa realizaranse nas instalacións de Agarimo, onde se conta cos seguintes espazos:

**Comedor:** punto de encontro de todos os grupos a hora de entrada e de saída do centro e espazo onde se realizan os obradoiros. Servizo de madrugadores, almorzo e xantar.

**Pavillón polideportivo:** xogos e actividades deportivas dos grupos de primaria.

**Pistas exteriores:** xogos e actividades deportivas dos grupos de infantil

**Campo de fútbol:** xogos e actividades deportivas dos grupos de infantil e primaria.

**Parque infantil:** xogos e tempo de lecer cos grupos de infantil.

**Zona verde:** xogos e tempo de lecer cos grupos de primaria.

**Aula audiovisuais:** presentación das normas a todos os grupos.